



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: casa do concello
Día: 5 de novembro de 2015
Hora de comezo: 14.15 h
Hora de remate: 14.50 h

ASISTENTES:

Don Ovidio Rodeiro Tato
Don Manuel Fernández Munín
Dona M^a Carmen Botana Cebeiro
Don Jesús Sanjuás Mera

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Ovidio Rodeiro Tato, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria – interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Solicitude de subvención á Secretaría Xeral de Igualdade**
- 3. Execución subsidiaria limpeza na leira número 503, polígono 47, lugar de Rebordaos**
- 4. Aprobación de facturas**
- 5. Ratificación decreto do 27 de outubro do 2015**
- 6. Rexeitamento do recurso de reposición presentado por don Jesús xxxxx o 24 de agosto do 2015**
- 7. Alta e baixa na axuda de alimentos**
- 8. Autorización para cambio de situación de posto autorizado, instalación de novos postos e requirimento de documentación de solicitude para venda ambulante na feira-mercado de Lestedo**
- 9. Solicitude de reprodución de documentos e imaxes do Arquivo Bibliotecario da Catedral de Santiago de Compostela para uso público**
- 10. Arquivo do expediente de contratación do subministro de combustible para vehículos e locais municipais**

- 11. Arquivo do expediente de contratación do mantemento das instalacións municipais de calefacción e fontanería**
- 12. Xustificación da subvención da Deputación Provincial para equipamento e infraestrutura cultural 2015**
- 13. Transporte metropolitano de Galicia. Liquidación achegas 2014, estimación 2015 e adianto 2016**
- 14. Rogos e preguntas**

DELIBERACIÓNS

1. - Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión da Xunta de Goberno que tivo lugar o día 22 de outubro do 2015

2.Solicitud de subvención á Secretaría Xeral de Igualdade

O 9 de outubro de 2015 sae publicado no DOG número 194 a Resolución do 8 de outubro de 2015, da Secretaría Xeral de Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras de axudas e subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Esta resolución de convocatoria axústase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases reguladoras e convocar no ano 2015 das subvencións ás entidades locais de Galicia, de forma individual ou mediante o sistema de xestión compartida, para o desenvolvemento de programas, actividades e actuacións e medidas para facer efectivo o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, o tratamento integral da violencia de xénero, a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, a participación das mulleres na vida política, económica e social e cultural; así como para consolidar o funcionamento de servizos de atención integral de información e asesoramento ás mulleres no territorio, co fin de prestarlles unha atención e acompañamento de proximidade, psicolóxico, xurídico e de orientación sociolaboral ás mulleres, en particular en risco de exclusión ou en situación de vulnerabilidade.

No artigo 1.1) establécese que as actuacións sinaladas poderanse desenvolver a través dos seguintes programas:

- a) Programa de conciliación
- b) Programa de prevención da violencia de xénero
- c) Programa de apoio os CIM**

O artigo 4.3 establece que para poder ser beneficiaria da subvención do CIM a entidade local ten que ser titular dun centro de información ás mulleres acreditado segundo o establecido no Decreto 182/2004, do 22 de xullo, polo que se regulan os centros de información ás mulleres e se establecen os requisitos para o seu recoñecemento e funcionamento. Poderase presentar solicitude individual ou conxunta para a xestión

compartida da prestación deste servizo, mediante agrupación ou asociación das entidades titulares de CIM ou con outros concellos que non o teñan acreditado.

O artigo 8.3 sinala que para o caso de que a poboación do ámbito territorial de actuación do CIM sexa de 5.001 e ata 15.000 habitantes, o número de usuarias con atención individualizada terá que ser como mínimo de 40 mulleres, das cales cando menos seis deberán ter unha atención continuada e de seguimento cun mínimo de tres intervencións.

Serán gastos subvencionables os custos directos de persoal que desenvolva funcións no CIM: gastos directos do persoal, neste caso os postos de directora / asesora xurídica e psicóloga (serán subvencionables as retribucións salariais totais do persoal propio da entidade correspondentes o servizo do CIM subvencionado, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e as cotas á seguridade social a cargo do empregador. Artigo 9.1a).

Serán subvencionables os custos de persoal xerados entre o 1 de decembro de 2014 e o 31 de marzo de 2016.

As entidades beneficiarias deberán identificar e xustificar de maneira independente os gastos directos de persoal, segundo as horas efectivamente traballadas dedicadas a tarefas directamente vinculadas coa atención a mulleres en situación de vulnerabilidade, que se imputarán en cada exercicio. Os gastos de persoal correspondentes o período 1-12-2014 e o 30-11-2015, imputaranse o exercicio 2015 e os gastos correspondentes ó período 1-12-2015 e 31-03-2015, ao exercicio 2016.

Para a determinación do importe da subvención establécense custos unitarios por hora efectivamente traballada (19,42 €, ata un máximo de 1.720 horas para o período subvencionable de doce meses ou ata a parte proporcional do segundo período de catro meses) dedicada a tarefas directamente vinculadas coa atención a mulleres en situación de vulnerabilidade, así como contías máximas en atención ó posto que se vai realizar, dedicación ó CIM a tempo completo ou a tempo parcial e ao tipo de relación ou vinculación coa entidade beneficiaria. A contía máxima da axuda será de ata 30.000 euros cando a dedicación ao CIM sexa a tempo completo e cando sexa a tempo parcial, salvo dirección do CIM que sempre será a tempo completo, a contía máxima será de 18.000 euros.

Tendo en conta todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda:

- 1.** Solicitar axuda económica respecto do programa de apoio ao CIM de Boqueixón, para gastos de persoal segundo o custo unitario por horas traballadas, sendo a contía solicitada para o posto de directora/asesora xurídica e atención psicolóxica para o período 1-12-2014 a 30-11-2015 de ...29.634,92 € e para o período 1-12-2015 a 31-03-2016 de 9.878,31 € Os custos totais para o 2015 (1-12-2014 a 30-11-2015) ascenden a un total de 40.642,18 € e os custos totais para o 2016 (1-12-2015 a 31-03-2016) ascenden a un total de 13.547,39.€
- 2.** Designar como representante ante á Secretaría Xeral de Igualdade, dos concellos asociados, ó Alcalde de Boqueixón, don Ovidio Rodeiro Tato.
- 3.** Designar a dona Cristina Carbajales Nouriño, que ocupa o cargo de directora – avogada do CIM para as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral de Igualdade.

4. Financiar o custo das accións obxecto da axuda que non resulte financiado pola Secretaría Xeral de Igualdade para a súa completa realización.

5. Aprobar a seguinte memoria descritiva do funcionamento do CIM para o período 1-12-2014 ao 31-03-2016, tal e como se indica no anexo IV :

Medios persoais adscritos ó CIM para os que se solicita axuda:

DENOMINACIÓN POSTO	NOME E APELIDOS	TIPO VINCULACIÓN	FUNCIÓNS BÁSICAS	Nº horas semanais dedicadas o CIM do 1-12-2014 ata ó 30-11-2015	Nº horas semanais dedicadas o CIM do 1-12-2015 ata ó 31-03-2016
Directora/Avogada	Cristina Carbajales Nouriño	Laboral-temporal	Dirección do CIM Asesoramento xurídico e Coordinación activ. do CIM	30	30
Psicóloga	Yolanda Neira Cristobo	Laboral-temporal	Atención psicolóxica	18	18

Horario de prestación dos servizos

Función	Num. Horas semanais	Indicar M(mañá) T(tarde)	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado
AX	12,5	M	12.30-15.00	12.30-15.00	12.30- 15.00	12.30- 15.00	12.30-15.00	
D	17,5	M	9.00-12.30	9.00-12.30	9.00-12.30	9.00-12.30	9.00-12.30	
PS	18,00	M/T	9.00-15.00		9.00-15.00	9.00-15.00		

Descrición de funcionamento do CIM

Funciona en horario de mañá, anteriormente descrito de acordo cos criterios de atención persoal, servizo gratuíto, de carácter voluntario e confidencial.
 Proporcionase asesoramento xurídico, atención psicolóxica e información xeral de recursos dispoñibles, difusión e sensibilización en materia de fomento da igualdade.
 Actuacións específicas en materia de violencia de xénero, acompañamento á vítimas, coordinación con casas de acollida...; realización de obradoiros e talleres sobre aspectos que fomenten e potencien a igualdade, a prevención da violencia.
 Derivar ó servizo de orientación laboral do concello ás usuarias en situación de vulnerabilidade, de cara á orientación laboral, cursos de formación, inserción laboral

Número de usuarias en situación de vulnerabilidade

	Período 1.12.2014 a 30.11.2015	Período 1.12.2015 a 31.03.2016
Número usuarias con atención individualizada	20	10
Número de usuarias con atención continuada	6	3

6. O Concello de Boqueixón conta entre os seus departamentos de goberno cunha Concellería de Igualdade e Servizos Sociais.

7. O Concello de Boqueixón e o Concello de Touro asumiron os compromisos de poñer en marcha no Concello de Touro a prestación dun servizo de información ás mulleres e promoción da igualdade, no cal se ofertan as funcións do CIM en canto a asesoramento e información de recursos ás mulleres de Touro co fin de que poidan acceder ós recursos dispoñibles dun xeito rápido e eficaz e garantindo o dereito das mulleres o acceso á información xeral e especializada, dun xeito integral.

8. O Concello de Boqueixón (representante) percibe e xustifica todos os fondos que se concedan, previa solicitude á Secretaría Xeral de Igualdade.

9. Dar traslado deste acordo á Secretaría Xeral de Igualdade .

3.Execución subsidiaria limpeza na leira número 503, polígono 47, lugar de Rebordaos

Antecedentes :

O 14 de xullo do 2015 co número de entrada 15/1418, don Alfonso xxxxx, con domicilio en Rebordaos - xxxxx, presenta escrito solicitando a limpeza das leiras de monte, número 501, polígono 47, propiedade de don Jesús xxxxx e a número 503, polígono 47, propiedade de herdeiros de xxxxx, por estar con maleza e con arboredo que non cumpren coas distancias esixidas na normativa actual de prevención de riscos forestais.

Por decreto da alcaldía de data 24 de xullo de 2015 resolveuse requirir ós propietarios da leira de monte número 503, polígono 47, propiedade de herdeiros de xxxxx, para que procedesen en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza de maleza das leiras ata gardar unha distancia de 50 metros perimetrais respecto da vivenda de don Alfonso xxxxx e cortar o arboredo ata gardar unha distancia respecto da vivenda de 30 metros no caso de piñeiros e eucaliptos e de 15 metros no caso de frondosas: carballos...respecto da vivenda de don Alfonso xxxxx.

Ademais sinálaselles que en caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas.

Déuselles trámite de audiencia ós citados propietarios para que en prazo de 10 días hábiles formularsen alegacións ou presentasen documentación oportuna.

Os herdeiros de xxxxx, recibiron a notificación do requirimento o 29 de xullo do 2015.

Non presentaron alegacións en prazo.

Na Xunta de Goberno do 17 de setembro do 2015 acordouse

“Iniciar o expediente de execución subsidiaria para proceder coa limpeza de maleza e corta na leira número 503, polígono 47, do lugar de Rebordaos, propiedade de herdeiros de don xxxxx, ata gardar as distancias sinaladas no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

*Comunicar que os traballos de execución subsidiaria de limpeza de maleza e corta de carballetes e un carballo ascenden a un total de **280 euros**, que terán que ser **aboados***

polos propietarios da leira número 503, polígono 47, do lugar de Rebordaos, herdeiros de don xxxxx.

2. Dar trámite de audiencia ós propietarios citados, para que procedan, no seu caso, a presentar as alegacións que estime pertinentes en relación co inicio de execución subsidiaria.”

Os herdeiros de xxxxx, recibiron a notificación do inicio de execución subsidiaria o 25 de setembro de 2015.

Non presentaron alegacións en prazo.

O informe técnico de data 3 de novembro do 2015 sinala que *“feita inspección técnica no lugar de Rebordaos, compróbase que existen leiras dedicadas a monte preto da vivenda de don Alfonso xxxxx*

A leira número 503, polígono 47, ten maleza, carballetes e un carballo que está a 14 metros de distancia da casa do denunciante.

Desde a citada casa á biomasa vexetal da leira 503 existe unha distancia de 8 metros

Non se cumpre coa normativa das distancias esixidas pola Lei 3/2007 de prevención de riscos forestais, modificada pola Lei 7/2012, de montes de Galicia.”

Consideracións xurídicas.

-O artigo 9.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificado pola Lei 2/2010, do 25 de marzo do solo de Galicia sinala que “Os propietarios de terras conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga”.

-O artigo 199.2 da citada Lei 9/2002 di que “Os concellos ordenarán, de oficio ou a instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e previa audiencia aos interesados, a execución das obras precisas para conservar aquelas nas condicións, coa indicación do prazo de realización“.

-O artigo 1 da Lei 3/2007 do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais sinala que “Esta lei ten por obxecto defender os monte ou terreos forestais fronte aos incendios e PROTEXER ÁS PERSOAS E OS BENS por eles afectados.”

-O artigo 21 da citada Lei 3/ 2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que en canto ás faixas de xestión de biomasa nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, será **obligatorio para as persoas responsables**, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei, **xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetrais** ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte, de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento. **Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira da lei 3/2007 de prevención e defensa conta incendios (piñeiros, mimosas, acacias eucaliptos, queirugas, carqueixas, xestas, fentos, silvas e toxos).**

As distancias mediranse:

- a. Desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, no seu caso.
- b. En caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións desde o paramento das mesmas.
- c. En caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, desde o límite das instalacións.

-A disposición transitoria décima, apartado 3) Lei 7/ 2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia sinala que en canto ás demais especies arbóreas, (distintas ás establecidas na disposición adicional terceira anteriormente citada) como os carballos, ameneiros, bidueiros, freixos, castiñeiros, loureiro e demais establecidas no anexo I, deberán gardar unha distancia de 15 metros.

-O artigo 22.3 da Lei 3/2007 sinala que “si no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometesen a xestión da biomasa vexetal, as citadas administracións públicas... poderán proceder coa execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa repercutindo os custos ás persoas responsables, según o disposto no artigo 21 ter.

-O artigo 98 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 de 13 de xaneiro, regula a execución subsidiaria dos actos que poidan ser realizados por suxeito distinto do obrigado e sobre o seu custo.

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Proceder coa **execución subsidiaria** e en consecuencia coa limpeza de maleza/corta de carballetes e carballo, na leira número 503, polígono 47, do lugar de Rebordaos, propiedade de herdeiros de xxxxx, ata gardar as distancias sinaladas no artigo 21 da citada Lei 3/ 2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

2) Según informe económico, de 9 de setembro de 2015, os traballos de execución subsidiaria de limpeza de maleza e corta de carballetes e un carballo ascenden a un total de **280 euros**, que terán que ser **aboados polos propietarios** da leira número 503, polígono 47, do lugar de Rebordaos, herdeiros de don xxxxx.

Dito gasto deberá aboarse polos propietarios na conta bancaria xxxxx - Abanca, a nome do concello de Boqueixón.

3) Comunicar ós citados propietarios que nun prazo máximo de 5 días, desde o recibo desta notificación, remitan mediante escrito a correspondente autorización para proceder á limpeza de maleza e corta de carballetes e un carballo da leira así como a xustificación do pagamento do mencionado importe á conta bancaria que ten o concello, anteriormente citada.

4) No caso de non obter a correspondente autorización e non aboar o citado importe procederase á execución subsidiaria polo concello e á recadación da débeda vía executiva.

4.Aprobación de facturas

A.- Por unanimidade acórdase aprobar as seguintes relacións de facturas que suman un total de 27.637,40 euros e que a continuación se relacionan e desagregan nos seguintes listados:

Aprobar as seguintes facturas domiciliadas:

	NOME	TEXTO EXPLICATIVO	PROGR.	ECON.	IMPORTE
1	COMPOSTELA DIGITAL S.L.	MANTEMENTO INFORMÁTICO MES DE OUTUBRO	920	21600	594,00 €
2	VODAFONE ESPAÑA, S.A.U.	SERVIZO SMS 15/09-14/10	920	22200	14,54 €
TOTAL					608,54 €

Aprobación de facturas pendente de pago:

	NOME	TEXTO EXPLICATIVO	PROGR.	ECON.	IMPORTE
1	ADELA LA,MELA ARTEAGA	LIQUIDACIÓN DE GASTOS	920	23020	53,60 €
2	ALQUIMAO, S.L.	VALLAS PICOSACRO - DRAGAL 2015	924	22601	121,00 €
3	ARTES GRÁFICAS ALONSO S.L.	SOBRES CUARTILLA 261X184 MM	920	22000	175,45 €
4	BERMUDEZ REBOREDO, JOSE	REDE PORTERIA E GANCHOS	342	22199	124,99 €
5	BREA ARCA, M ^ª TERESA – COM.MARBRE	PINTURAS PARA BORDILLOS E MACETEROS	1532	21200	909,70 €
6	COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L.	RECOGIDA DE RESIDUOS Del 01/09/2015 al 30/09/2015	1632	21200	388,98 €
7	COLLANTES VIEIRO, BENJAMIN	PAPEL A3, CINTAS DE DATOS E ARCHIVADORES	920	22000	280,27 €
8	COMPOSTELANA DE GAS 2011, S.L.	RECARGA DE GAS PAVILLÓN/CAMPO DE FÚTBOL	342	22102	233,75 €
9	CORRAL SANCHEZ, JUAN M.	LIQUIDACIÓN DE GASTOS	920	23020	167,75 €
10	FERNANDEZ IGLESIAS, ENRIQUE MIGUEL	REPARACIÓN B63376VE - OBRAS	1532	21300	90,75 €
11	FERNANDEZ IGLESIAS, ENRIQUE MIGUEL	CAMBIO EMBRAGUE 1599GZL	1532	21300	348,00 €
12	FERNANDEZ IGLESIAS, ENRIQUE MIGUEL	REPARACIÓN SISTEMA ARRANQUE 5771DFF	135	21300	281,33 €
13	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	27,47 €
14	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	2,18 €
15	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	143,80 €
16	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	33,44 €
17	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	121,93 €
18	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	33,55 €
19	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	140,63 €
20	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	191,80 €
21	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	65,75 €
22	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	77,75 €
23	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	422,90 €
24	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	223,82 €
25	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	254,40 €
26	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	322,17 €
27	GAS NATURAL S.U.R.SDG,S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	58,45 €
28	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	101,17 €
29	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	109,25 €
30	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	237,55 €

31	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	96,41 €
32	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	268,02 €
33	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	66,17 €
34	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	241,64 €
35	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	178,01 €
36	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	44,25 €
37	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	71,26 €
38	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	133,16 €
39	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	100,60 €
40	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	108,72 €
41	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	49,77 €
42	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	187,31 €
43	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	226,10 €
44	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	153,44 €
45	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	37,91 €
46	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	32,25 €
47	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	82,93 €
48	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	125,46 €
49	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	114,66 €
50	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	76,38 €
51	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	71,44 €
52	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	91,58 €
53	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	26,45 €
54	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	93,46 €
55	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	246,07 €
56	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	59,91 €
57	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	10,73 €
58	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	50,23 €
59	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	96,77 €
60	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	37,73 €
61	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	130,50 €
62	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	157,33 €
63	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	97,60 €
64	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	6,14 €
65	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	74,08 €
66	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	39,51 €
67	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	213,87 €
68	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	61,23 €
69	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	25,56 €
70	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	32,21 €
71	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	40,30 €
72	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	16,93 €
73	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	149,83 €
74	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	22,78 €
75	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	67,13 €
76	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	112,27 €
77	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	14,62 €
78	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	141,46 €
79	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	91,50 €

80	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	67,51 €
81	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	16,34 €
82	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	53,07 €
83	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	44,84 €
84	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	3,18 €
85	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	64,15 €
86	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	114,91 €
87	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	43,96 €
88	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	199,52 €
89	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	62,35 €
90	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	163,76 €
91	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	120,97 €
92	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	52,82 €
93	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	701,14 €
94	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	22,78 €
95	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	246,40 €
96	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	155,35 €
97	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	63,61 €
98	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	2,14 €
99	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	39,51 €
100	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	18,15 €
101	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	562,87 €
102	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	60,66 €
103	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	38,66 €
104	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	133,83 €
105	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	21,08 €
106	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	109,20 €
107	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	102,90 €
108	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	59,50 €
109	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	17,75 €
110	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	34,16 €
111	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	12,96 €
112	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	66,31 €
113	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	96,61 €
114	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	30,47 €
115	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	57,29 €
116	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	33,26 €
117	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	40,27 €
118	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	100,54 €
119	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	24,74 €
120	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	81,94 €
121	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	302,46 €
122	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	112,35 €
123	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	205,12 €
124	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	46,90 €
125	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	14,82 €
126	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	186,64 €
127	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	96,16 €
128	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	146,39 €

129	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	231,46 €
130	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	237,31 €
131	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	336,96 €
132	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	161	22100	1.718,18 €
133	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	241,43 €
134	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	282,34 €
135	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	1.198,09 €
136	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	864,70 €
137	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO	165	22100	401,20 €
138	GRAFIDEZA S.L.	CARTEIS E TRIPTICOS RUTA DAS TAPAS	432	22602	478,01 €
139	HERMANOS VILLAR, S.L.	BIDÓN E BOMBA DE GRASA	1532	21300	219,16 €
140	JOSE MANUEL VAZQUEZ GONZALEZ	REPARACIÓN REMOLQUE DE OBRAS	1532	21300	62,92 €
141	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	PUBLICIDADE WEB	432	22602	121,00 €
142	MANUEL MERA GRANJA	ALPACAS - DRAGAL 2015	924	22601	314,60 €
143	MARCELINO ABOY - CARPAS TIMONEI	CARPA CERTAME DE BANDAS	924	22601	907,50 €
144	MARCELINO ABOY - CARPAS TIMONEI	CARPA - DRAGAL 2015	924	22601	1.000,00 €
145	PROBISA PROD. BITUMINOSOS, S.L.U.	AGLOMERADO PISTAS MUNICIPAIS	1532	21200	264,06 €
146	RENDO FACORRO, MARIA LUISA	MATERIAL PARA LESTEDO E A SILVEIRA	1532	21200	121,10 €
147	RENDO FACORRO, MARIA LUISA	MATERIAL PARA COLUMPIOS, PONTE LEDESMA,...	1532	21200	234,00 €
148	SOUTO TEMES, JOSE MARIA	CORCHO E ADHESIVO ESCOLAS UNITARIAS	320	21200	125,50 €
149	SUMIN. INTEGRALES DE OFICINA, S.A.	PAPEL OFICINAS MUNICIPAIS	920	22000	1.282,60 €
150	TORRES VAZQUEZ, DAVID	PLATOS DE MADEIRA - BOQUEISONS	924	22601	34,40 €
151	TORRES VAZQUEZ, DAVID	MATERIAL DIVERSO MANTEMENTOS VARIOS	1532	21200	514,18 €
152	TORRES VAZQUEZ, MIGUEL CARLOS	REPARACIÓN CARGADOR DE BATERIAS HITACHI	1532	21300	71,39 €
153	VAZQUEZ FDEZ, MARIA DEL CARMEN	PRODUCTOS ALIMENTACIÓN GARDERIA	231	22105	297,22 €
				TOTAL	27.028,86 €

B.- Aprobación de facturas do Obradoiro de Emprego

A continuación a Xunta de Goberno aproba as facturas xeradas polas obras que se están a facer no obradoiro de emprego por importe de 3.520,18 euros e que a continuación se desagregan nos seguintes listados:

Importe subvención achega concello: 30.255,25 euros

Importe que resta de subvención descontando o total do gasto realizado: 25.051,94 euros

NÚM.	PROVEEDOR	PARTIDA	IMPORTE
1	SAPA CONTENEDORES Y SERVICIOS	1532.212.00	130,00
2	WÜRTH ESPAÑA S.A.	1532.212.00	251,28
3	WÜRTH ESPAÑA S.A.	1532.212.00	351,87
4	WÜRTH ESPAÑA S.A.	1532.212.00	38,74
5	MADESA	1532.212.00	1.055,66
6	MADESA	1532.212.00	1.692,63
		TOTAL	3.520,18 €

5. Ratificación decreto do 27 de outubro do 2015

Por unanimidade acórdase ratificar o decreto de data 27 de outubro do 2015, que a continuación se transcribe literalmente:

“Na Xunta de Goberno que tivo lugar o día 17 de setembro de 2015 aprobáronse as bases que regulan as escolas culturais e deportivas correspondentes ao curso 2015/2016. Por erro figura o pagamento bimensual cando debería de figurar bimestral. Tamén se establece o pagamento das actividades mediante domiciliación bancaria pero, tendo coñecemento de casos que solicitan outra forma de pago,

RESOLVO

- 1.- Corrixir o erro nas bases aprobadas e dónde figura pagamento bimensual debe figurar bimestral.*
- 2.- Autorizar, aos casos que o soliciten, o pagamento das actividades mediante ingreso bancario no nº de conta do concello xxxx ou pago en efectivo na Tesourería municipal. Dito pago deberá realizarse bimestral ou cuadrimestral, sempre dentro dos primeiros dez días do período o cal corresponde.*
- 2.- Dar traslado deste acordo á próxima Xunta de Goberno para a súa ratificación.”*

6. Rexeitamento do recurso de reposición presentado por don Jesús xxxxx o 24 de agosto do 2015

Antecedentes:

- 1)** Con data do 16 de xullo do 2015 (con rexistro de saída nº.: 15/653, de data 21 de xullo do 2015), na Xunta de Goberno local acordouse legalizar as obras levadas a cabo por María xxxxx, con relación á soleira de formigón que se executaron no lugar de xxxxx, na parroquia de Lestedo, aprobando a liquidación dos dereitos municipais correspondentes. Así mesmo acordouse arquivar o expediente de reposición da legalidade urbanística, iniciado pola Xunta de Goberno Local, con data do 04/04/2012.
- 2)** Con data do 24 de agosto do 2015 (rexistro de entrada nº.: 15/1680, de data 27 de agosto de 2015) fórmulase recurso potestativo de reposición por D. Jesús xxxxx.
- 3)** Con data do 22 de setembro do 2015 (rexistro de saída nº.: 15/848) requírese a D. Jesús xxxxx, pola secretaria – interventora, para que especifique con detalle cal é o obxecto do seu recurso potestativo de reposición, e para que aportase copia do informe de 27 de maio de 2014 de Augas de Galicia, ó que se facía alusión no seu recurso.
- 4)** Con data do 16 de outubro do 2015 (rexistro de entrada nº.: 15/2002) recíbese contestación de Jesús xxxxx, aportando copia do informe de Augas de Galicia solicitado, e ratificándose no solicitado con data do 24/08/2015.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

- 1º.- Falta de aclaración sobre o obxecto do recurso.

Fronte á aclaración solicitada polo Concello en acordo da Xunta de Goberno do 22 de setembro do 2015, en canto ó obxecto do recurso interposto, o Sr. xxxxx respondeu ratificándose no presentado con data 24/08/2015, sen precisar con claridade, tal como se lle pedía, cal era o acto administrativo recorrido.

Ós efectos da presente resolución, enténdese que o acto recorrido é o acordo da Xunta de Goberno Local do 16 de xullo do 2015 (con rexistro de saída nº.: 15/653, de data 21 de xullo do 2015) polo que se acordou legalizar as obras levadas a cabo por María xxxxx, con relación á soleira de formigón que se executaron no lugar de xxxxx, na parroquia de Lestedo, e cuxa legalidade urbanística fora impugnada.

2º.- Cumprimento dos prazos.

O recorrente alega en primeiro lugar, o incumprimento dos prazos vixentes para a resolución do expediente, de acordo co establecido nos artigos 42.2, 42.3, 42.5, 42.7 e 62.1.f) da Lei 30/1992.

O artigo 42 da Ley 30/1992, de 26 de novembro, efectivamente establece a obriga de resolver da Administración, dispoñendo no seu parágrafo 2 que “o prazo máximo no que se debe notificar a resolución expresa será o fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento. Este prazo non poderá exceder de seis meses salvo que unha norma con rango de Lei estableza un maior ou así veña previsto na normativa comunitaria europea”.

A norma reguladora do presente procedemento é a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en adiante, “Louga”). O seu artigo 210 dispón que *“si se houberan finalizado as obras sen licenza ou sen comunicación previa, ou incumprindo as condición sinaladas nelas ou na orde de execución, a **persoa titular da alcaldía, dentro do prazo de seis anos, a contar dende a total terminación das obras, incoará expediente de reposición da legalidade, procedendo segundo o disposto nos números 3, 4, 5, 6 e 7 do artigo anterior. Tomarase como data de finalización das obras a que resulte da súa efectiva comprobación pola Administración actuante, sen prexuízo da súa acreditación por calquera outro medio de proba válido en dereito**”*.

O seu artigo 209.4 dispón que *“o procedemento a que se refire o número anterior deberase resolver no **prazo dun ano** a contar dende a data do acordo de iniciación”*. Este parágrafo fai referencia ao número anterior, o 3, que recolle tres supostos de feito entre os que se atopa o das obras legalizables, como é o presente suposto, por tratarse de obra compatible co planeamento municipal, como puxo de manifesto no seu momento María Carmen Novoa Sío, dos servizos técnicos urbanísticos municipais [ver *punto número 1*] dos antecedentes de feito]. Así, o 209.3.b) di que *“se as obras fosen legalizables por ser compatibles co ordenamento urbanístico, se requirirá á persoa interesada para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa, manténdose a suspensión das obras en tanto non se outorgue licenza ou non se presente a comunicación previa”*.

Así pois, a alcaldía deste Concello dispuña de 6 anos para incoar expediente de reposición da legalidade, a contar dende a data de finalización das obras conforme ó disposto no Art. 210 da Louga, sendo esta o 11 de xullo do 2011, data de emisión de informe técnico no que se pon de manifesto pola arquitecta municipal a existencia da obra finalizada sen licenza. Iniciouse expediente de reposición da legalidade urbanística pola realización das obras de pavimentación no contorno do galpón con data do 11 de abril do 2012 (rexistro de saída

nº: 12/374), cumpríndose sobradamente o requisito temporal para incoación do expediente.

Iniciado expediente, o prazo para resolver era de 1 ano desde a data de iniciación do expediente, é dicir, dende o 11 de abril do 2012.

Para o cómputo dos prazos hai que sinalar que, de acordo co Art. 42.5.a) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, o transcurso do prazo para resolver un procedemento poderase suspender cando deba requirirse a calquera interesado para a subsanación de deficiencias e a achega de documentos e outros elementos de xuízo necesarios. Deste xeito, o prazo de resolución estivo suspendido entre as seguintes datas:

1. Entre o 01/06/2012 e o 13/06/2012 (requirimento da alcaldía para presentar documentación necesaria para a continuación do expediente).
2. Entre o 17/07/2012 e o 24/04/2014 (requirimento da alcaldía para presentar documentación necesaria para a continuación do expediente).
3. Do 19/05/2014 ata o 15/06/2015 (requirimento de Informe vinculante de Augas de Galicia, necesario para a continuación do expediente).

Polo tanto, os días transcorridos do prazo para resolver foron, claramente, insuficientes para superar o prazo dun ano para resolver.

3º.- Prexuízo ocasionado polas obras.

O Art. 1 da lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia, dispón que a presente ley ten por obxecto as finalidades de ordenar as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia e dos entes locais galegos en materia de auga e obras hidráulicas [letra a)], e regular o réxime de infracción e sancións [letra f)], entre outras.

De acordo co art. 89 da mesma Lei, **a facultade de instruír os procedementos sancionadores e de resolvelos, no caso de** que se entenda que se ten producido algunha das infraccións enumeradas nos artigos precedentes, entre as cales se atopa a de **causar dano, por acción ou omisión, ás augas superficiais, subterráneas, de transición ou costeiras e aos demais bens de dominio público hidráulico**, Art. 85.a); esta facultade, como dicía, **corresponde a Augas de Galicia**, según a distribución funcional que se regula no título II da presente lei. **Polo tanto o Concello de Boqueixón non é competente para resolver sobre os presuntos danos sufridos pola tubería do recorrente.**

4º.- Recomendacións do ente Augas de Galicia.

No recurso de reposición interposto faise mención a un **informe de Augas de Galicia que non constaba no expediente** xa que non fora emitido ó Concello de Boqueixón. O informe, que data do 27 de maio do 2014, **ademais de rexeitar a competencia do Ente Augas de Galicia** para resolver sobre a solicitude de legalización da soleira de formigón de Dª. María xxxxx por incompetencia do mesmo, **fai unha serie de recomendacións que non son en absoluto vinculantes, e que non teñen en conta o feito de que a soleira de formigón estaba concluída** por canto se afirma que “nun anterior comunicado do concello de Boqueixón non consta a execución da obra”. Polo tanto, aínda que as recomendacións tivesen carácter vinculante, que non o teñen, fanse sobre a base dunhas obras por executar, que xa estaban concluídas, e suporían unhas obrigas totalmente desproporcionadas para a propietaria da finca na que se sitúa a soleira. E a máis abundancia, cando o Concello tivo

coñecemento deste informe (que foi cando o sr. xxxxx o aportou previa solicitude do concello porque o mesmo sr. xxxxx o cita no seu recurso presentado o 24 de agosto de 2015) xa se tiña concedida a correspondente legalización das obras.

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

-Rexeitar o recurso de reposición interposto por don Jesús xxxxx contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno local do 16 de xullo do 2015 (con rexistro de saída nº.: 15/653, de data 21 de xullo do 2015), e en consecuencia manter a legalidade urbanística da pavimentación do galpón propiedade de María xxxxx emprazado no lugar de xxxxx (Lestedo).

-Notificar o presente acordo, aos efectos oportunos, a dona María xxxxx e a don Jesús xxxxx

7. Alta e baixa na axuda de alimentos

Concesión de alta na axuda de alimentos e persoas que manteñen ou perden o dereito a axuda

8. Autorización para cambio de situación de posto autorizado, instalación de novos postos e requirimento de documentación de solicitude para venda ambulante na feira-mercado de Lestedo

Con rexistro nº 15/779 do día 24 de abril de 2015 dóuselle entrada neste concello á solicitude de cambio de ubicación do posto de don Haddaoui xxxxx, con DNI: xxxxx, titular autorizado co posto nº 72 na Feira – mercado de Lestedo.

A este respecto e segundo o artigo 16 da Ordenanza Municipal reguladora da expedición do carné para a venda nos mercados - feiras de Boqueixón, os titulares autorizados con posto na feira-mercado de Lestedo, terán preferencia sobre os novos solicitantes para xestións concretas como pode ser o cambio de ubicación de posto.

Con rexistro nº 14/677 do día 14 de abril de 2014 douselle entrada neste concello á documentación relativa á solicitude de autorización de venda ambulante para novo posto para don Alejandro xxxxx con DNI: xxxxx na Feira – mercado de Lestedo.

Con rexistro nº 14/1155 do día 19 de xuño de 2014 douselle entrada neste concello á documentación relativa á solicitude de autorización de venda ambulante para novo posto para dona Claudia xxxxx con DNI: xxxxx na Feira – mercado de Lestedo.

Con rexistro nº 14/1912 do día 17 de outubro de 2014 douselle entrada neste concello á documentación relativa á solicitude de autorización de venda ambulante para novo posto para dona Sonia xxxxx con DNI: xxxxx na Feira – mercado de Lestedo.

Con rexistro nº 15/127 do día 23 de xaneiro de 2015 douselle entrada neste concello á documentación relativa á solicitude de autorización de venda ambulante para novo posto para dona Tania xxxxx con DNI: xxxxx na Feira – mercado de Lestedo.

Con rexistro nº 15/1298 do día 29 de xuño de 2015 douselle entrada neste concello á documentación relativa á solicitude de autorización de venda ambulante para novo posto para don Eduardo xxxxx con DNI: xxxxx na Feira – mercado de Lestedo.

Con rexistro nº 15/1550 do día 4 de agosto de 2015 douselle entrada neste concello á documentación relativa á solicitude de autorización de venda ambulante para novo posto para don Santiago xxxxx con DNI: xxxxx na Feira – mercado de Lestedo.

Con rexistro nº 15/1586 do día 10 de agosto de 2015 douselle entrada neste concello á documentación relativa á solicitude de autorización de venda ambulante para novo posto para dona Josefa xxxxx con DNI: xxxxx na Feira – mercado de Lestedo.

Con rexistro nº 15/1765 o día 11 de setembro de 2015 douselle entrada neste concello á documentación relativa á solicitude de autorización de venda ambulante para novo posto para dona Montserrat xxxxx con DNI: xxxxx na Feira – mercado de Lestedo.

Unha vez revisada a documentación destas solicitudes, compróbase que a documentación presentada se axusta ós requirimentos da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia e á Ordenanza Municipal reguladora da expedición do carné para a venda ambulante nas feiras- mercados de Boqueixón,

Con rexistro nº 15/918 do día 11 de maio de 2015 douselle entrada neste concello á documentación relativa á solicitude de autorización de venda ambulante para novo posto para dona M^a Jesusa xxxxx con DNI: xxxxx na Feira – mercado de Lestedo.

Revisada a documentación da solicitude de dona M^a Jesusa xxxxx, compróbase que falta a seguinte documentación: foto tamaño carné da solicitante e suplente, copia do DNI da suplente, copia do xustificante de estar dado de alta no réxime da Seguridade Social e xustificante bancario do mesmo, copia do xustificante de estar dado de alta no imposto de actividades económicas específico de venda ambulante, copia da póliza de seguro de responsabilidade civil e copia do xustificante bancario do pago.

Polo que, a Xunta de goberno acorda:

1.- Autorizar ós vendedores ambulantes nomeados para instalar o posto na Feira – Mercado de Lestedo e adxudicarlle os seguintes postos numerados:

POSTO Nº	NOME E APELIDOS
70	HADDAOUI xxxxx
41A	ALEJANDRO xxxxx
9	CLAUDIA xxxxx
7	SONIA xxxxx
72	TANIA xxxxx
46B	EDUARDO xxxxx
13	SANTIAGO xxxxx
68	JOSEFA xxxxx
41B	MONTSERRAT xxxxx

2.- Requerir a dona MARÍA JESUSA xxxxx a documentación que máis abaixo se detalla, para que un prazo de 10 días a presente ou no seu defecto as alegacións oportunas,

comunicándolle que de presentar a documentación no prazo indicado pasaría a ocupar o posto nº 52 por ser a ubicación que máis se adapta ás características indicadas na súa solicitude.

Documentación requerida:

- Fotografía tamaño carné do titular e suplente
- Copia do DNI do suplente
- Copia da alta no réxime correspondente da Seguridade Social e xustificante bancario de pago do último recibo.
- Copia da alta no correspondente epígrafe do imposto de actividades económicas
- Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario do pago.

3.- Comunicar este acordo ós interesados.

9.Solicitude de reprodución de documentos e imaxes do Arquivo Bibliotecario da Catedral de Santiago de Compostela para uso público

Un dos recursos históricos e culturais máis importantes do Concello de Boqueixón é o Pico Sacro, pola súa relación coa cultura xacobeana e por ser recollido no Códice Calixtino como parte da lenda do traslado do corpo do Apóstolo Santiago.

Esta entidade ten como obxectivo poñer en valor, dar a coñecer e potenciar todo este patrimonio cultural e histórico.

Plantéxase reunir material museístico relacionado co Pico Sacro cunha finalidade expositiva e de divulgación, neste caso en concreto, as copias dixitalizadas da lenda da translación do corpo do Apóstolo recollida no Códice Calixtino, así como as traducións en castelán e galego destes mesmos documentos.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Formalizar a solicitude segundo o modelo estandarizado polo ABCS que se transcribe a continuación:

Vía de solicitude	Correo electrónico		Nº solicitude	39/2015
Data de solicitude	5 novembro 2015	Data de consecución		
Nome e apelidos do solicitante	OVIDIO RODEIRO TATO			
Enderezo: rúa, nº, piso	FORTE, S/N			
Código Postal	Localidade	Provincia	País	
15881	BOQUEIXÓN	A CORUÑA	ESPAÑA	
D.N.I./Pasaporte	xxxxx	Tfno.	981 513 061	

Fax	981 513 000	E-mail	boqueixonturismo@gmail.com
Profesión ou cargo que ocupa	Nome da entidade representada		
ALCALDE	CONCELLO DE BOQUEIXÓN		

SOLICITO REPRODUCCIÓN dos seguintes documentos con fins de difusión (ampliar as casas da táboa tantas veces como documentos solicitense)

<i>Documento ou obxecto</i>	<i>Sinatura</i>	<i>Modalidad reprodución</i>
Codex Calixtinus, fols. 155v-162r	ACS, CF 14	Copia dixital
Moralejo, A., Torres, C. y Feo, J. (eds.): <i>Liber Sancti Iacobi "Codex Calixtinus"</i> (2004), pp. 385-407	J091 / LIB / lib-1	Fotocopia
López Díaz, Xosé (trad.): <i>Códice Calixtino. O Codex Calixtinus en galego</i> (2009), pp. 323-341.	R. 5936	Fotocopia

Tema da investigación / Obxecto da solicitude

Entre os obxectivos desta entidade atópanse, poñer en valor, dar a coñecer e potenciar todo o patrimonio cultural e histórico do noso municipio. Con este fin, plantexamos unha acción expositiva e de divulgación da lenda de traslación do corpo do Apóstolo Santiago, xunto con máis material museístico propio do concello.

Características da publicación

Uso público

- Non lucrativo
- Lucrativo

Tipo de soporte

- Papel
- Dixital
- Outros soportes: ...cartón pluma, etc.....

Tipo de presentación

- Monografía
- Publicación periódica
- Catálogo ou trípticos exposición temporal
- Material expositivo
- Páxina web
- Material audiovisual
- Interpretación musical ou artística
- Outras presentacións:.....

Datos da publicación

Autor	
Título provisional	
Editor	
Revista ou publicación seriada	
Nº exemplares	
Data de recepción de exemplar(es) para o ABCS	

Datos da exposición temporal

Título	LENDAS DA RAÍÑA LUPA E TRASLACIÓN DO CORPO DO APÓSTOLO SANTIAGO		
Lugar e datas	CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO PICO SACRO. PERMANENTE		
Comisario/ director	ALCALDE DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN		
Institución que promove	CONCELLO DE BOQUEIXÓN		

Datos da páxina web

URL	www.boqueixon.com		
Título (se procede)			
Institución ou persoa responsable	CONCELLO DE BOQUEIXÓN		

Imaxes (nº)	Gastos xestión (€)	Dereitos de imaxe e reprodución (€)	Total (€)	Gastos envío (€)
41	54,70	0	54,70	Correos (carta certificada nacional contra reembolso)
Forma de pago	Abono en conta nº xxxxx (Banco Santander)			

Datos de facturación (salvo indicación en contrario, a factura será enviada a esta dirección)

Nome e apelidos ou Razón social	CONCELLO DE BOQUEIXÓN
---------------------------------	-----------------------

Enderezo ou Domicilio social	FORTE, S/N	
Código Postal	Localidade (Provincia ou País)	D.N.I./C.I.F.
15881	BOQUEIXÓN (A CORUÑA)	P 1501200 H

O abaixo asinante e a entidade á que representa **aceptan e comprométense** a cumprir as condicións xerais de reprodución do Arquivo-Biblioteca:

1º O Cabildo da Catedral de Santiago de Compostela reservarase o dereito de propiedade sobre a imaxe reproducida.

2º As reproducións cedidas non serán transferidas a outras persoas físicas ou xurídicas.

3º As copias empregaranse exclusivamente nos termos acordados na correspondente autorización; non se permitirá a obtención de copias nin duplicados.

4º Por razóns de conservación e seguridade, o Arquivo-Biblioteca establecerá uns límites para a reprodución en función de criterios como:

- o soporte material do documento: papel, pergamiño, ...
- o seu estado de conservación: bo, regular, malo
- o seu valor histórico, xurídico ou o seu carácter de reservado
- a idade do documento: polo xeral, e de acordo co Regulamento dos Arquivos Eclesiásticos Españois, a data de consulta dun documento situarase nos 75 anos
- a técnica de escritura empregada no mesmo: manuscrito, impreso, gravado, fotografía
- a súa extensión: o número de imaxes por volume ou unidade documental limitarase a cinco. Con todo, os documentos soltos e outros documentos de especial valor serán obxecto de particular avaliación.
- finalidade da reprodución: uso particular, edición, exposición,...
- existencia no Arquivo-Biblioteca de copias nouro soporte
- polo xeral, só se reproducirán aqueles documentos que fosen sometidos previamente aos procesos de organización e descrición, é dicir, que xa se atopen catalogados ou inventariados
- non se reproducirán instrumentos de descrición

5º En todo caso, a reprodución necesitará de autorización por parte da Dirección do Arquivo-Biblioteca.

6º A reprodución de documentos do Arquivo para uso privado (copias definidas legalmente como privadas, para a docencia e a investigación, segundo a Lei da Propiedade Intelectual) haberá de solicitarse mediante petición formal por escrito (modelo R-1). En ningún caso, poderá empregarse esta reprodución para outros fins distintos

7º A reprodución de documentos do Arquivo para uso público (lucrativo ou non lucrativo) haberá de solicitarse mediante petición formal por escrito (modelo R-2). A autorización tan só será válida para unha soa edición ou exposición. En caso de novas ou sucesivas edicións ou exposicións, será necesario obter nova autorización.

8º O procedemento ordinario será o seguinte: o solicitante dirixirase -en persoa, telefonicamente, por e-mail- ao responsable de Reprografía para efectuar a petición de reprodución; unha vez informado, cubrirase o formulario correspondente; a continuación, o Arquivo avaliará a solicitude e, en caso de autorizar a reprodución, remitirá ao solicitante o formulario co orzamento final, que deberá ser devolto en orixinal coa firma e/ou selo do solicitante, aceptando as condicións e custo orzado; por último, o Arquivo entregará ao solicitante, previo abono das taxas correspondentes, as reproducións xunto cunha copia selada do formulario nun prazo máximo de 15 días.

9º O solicitante correrá cos gastos de envío. Os ingresos destinaranse, exclusivamente, á conservación e restauración do patrimonio da Catedral, entregándose ao solicitante o correspondente xustificante.

10º O Arquivo-Biblioteca ofrece, cos límites, tarifas e formas de pago establecidos pola propia institución, as seguintes modalidades de reprodución:

a) Fotocopias de orixinais.

Contéplase este formato exclusivamente para impresos do século XVII en diante, sen prexuízo doutros límites establecidos por razóns de conservación e seguridade na cláusula 4ª. As fotocopias poden ser copias simples, co selo do copyright do Arquivo-Biblioteca, ou copias compulsadas, nas que o Arquivo-Biblioteca certificará a signatura do documento, a data e a firma do director.

b) Fotocopias de publicacións impresas do fondo bibliográfico moderno
Considérase “libro moderno” o publicado desde 1901.

c) Copia dixital.

Autorízase para a obtención de reproducións a partir das imaxes do repositorio dixital do Arquivo-Biblioteca cos límites, tarifas e formas de pago establecidas pola institución.

d) Diapositiva fotográfica.

Só para o material dispoñible neste soporte e para reproducións destinadas ao uso público. No caso de que non exista copia noutro formato no Arquivo-Biblioteca e previa solicitude, este poderá contratar a un fotógrafo e realizar dúas diapositivas, unha para o solicitante e outra para o arquivo fotográfico do Arquivo-Biblioteca. O solicitante correrá con todos os gastos.

e) Autorización para a obtención de fotografías por medios alleos ao Arquivo-Biblioteca.

Como norma xeral non se permitirá a realización de fotografías por medios alleos ao Arquivo-Biblioteca. En caso de autorización excepcional, o fotógrafo deberá empregar focos de luz fría, cámara fotográfica sen flash e calquera outro elemento que garanta a conservación do documento reproducido, e atenderá a calquera indicación que se lle realice desde o Arquivo-Biblioteca. O solicitante deberá enviar ao Arquivo-Biblioteca, nun prazo máximo de 15 días, unha copia de igual calidade e formato que a orixinal, cuxos dereitos de reprodución, así como os das fotografías orixinais, serán propiedade exclusiva do Arquivo-Biblioteca.

f) Gravación.

En caso de gravación de imaxes, o solicitante axustarase ás indicacións da Dirección do Arquivo-Biblioteca, coa obrigaçión de enviar ao mesmo unha copia completa en CD ou DVD ou outro formato acordado da película, documental, programa televisivo ou vídeo no que as imaxes fosen inseridas. De maneira xeral, non se contempla a gravación para uso privado e farase sempre dentro do horario de acceso público do centro.

11º Ademais de todo o exposto, o solicitante comprometerase a:

a) citar a fonte de procedencia dos datos extraídos da copia do documento en calquera traballo ou publicación nos que se faga uso destes (citarase Arquivo da Catedral de Santiago de Compostela ou Biblioteca da Catedral de Santiago de Compostela e identificarase o documento correctamente mediante a sinatura completa e o título do mesmo).

b) declarar os dereitos de reprodución a favor do Cabildo da Catedral de Santiago de Compostela, imprimindo: Copyright © Cabildo da Catedral de Santiago de Compostela - Dereitos reservados. Prohibida a reprodución total ou parcial. Edición autorizada núm.....

c) en caso de edicións nas que aparezan reproducións de diversos propietarios, no pé de cada imaxe do Cabildo, facer constar este texto: Dereitos reservados © Cabildo da Catedral de Santiago de Compostela.

d) enviar ao Arquivo-Biblioteca un exemplar da publicación que reproduza imaxes do mesmo ou cuxo texto conteña información extraída a partir de ditas imaxes (esta cláusula quedará sometida ás variacións que se estipulen por acordo entre as partes e ao ditaminado na normativa de préstamo para exposicións).

12º Esta normativa aplicarase por defecto á reprodución de pezas artísticas, obxectos e estancias do Arquivo-Biblioteca.

13º Os medios de comunicación recibirán tratamento específico que será determinado puntualmente pola Comisión de Cultura e Arte.

14º No caso de que a solicitude de reprodución de imaxes do Arquivo-Biblioteca forme parte dunha solicitude máis ampla, que afecte a outras dependencias ou servizos da Catedral ou requira de especial acordo, atenderase ao estipulado no convenio ou acordo de colaboración correspondente (condicións de uso e reprodución, tarifas, etc.).

15º Quen incumprise algún dos termos da autorización incorrerá nas responsabilidades legais ás que tivese lugar tomar.

2.- Comunicar este acordo ó ABCS.

10.Arquivo do expediente de contratación do subministro de combustible para vehículos e locais municipais

Na Xunta de Goberno do día 1 de outubro, iniciouse a contratación para o subministro de combustible para os vehículos municipais e para os locais. O procedemento elixido foi o aberto con un único criterio de valoración: o factor prezo. A información desta licitación estivo exposta no perfil do contratista e na páxina principal da web municipal a partires do día 6 de outubro. Asi mesmo publicouse o perceptivo anuncio no BOP núm. 192 de data 7 de outubro de 2015.

Concedíanse 15 días naturais para a presentación das ofertas correspondentes, pero neste prazo non se recibiu ningunha proposta, polo que se considera que o concurso quedou deserto.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

-Arquivar o expediente de contratación para o subministro de combustible para vehículos e locais municipais.

-Comunicar este acordo ó Servizo de Contratación

11.Arquivo do expediente de contratación do mantemento das instalacións municipais de calefacción e fontanería

Na Xunta de Goberno do día 1 de outubro, iniciouse a contratación do servizo do mantemento das instalacións municipais de calefacción e fontanería. A información desta licitación estivo exposta no perfil do contratista e na páxina principal da web municipal, para que puidesen presentarse tódolos interesados e ó mesmo tempo enviouse invitación a 6 empresas capacitadas da zona.

Concedíanse 10 días naturais para a presentación das ofertas correspondentes, pero neste prazo non se recibiu ningunha proposta, polo que se considera que o concurso quedou deserto.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

-Arquivar o expediente de contratación do mantemento das instalacións municipais de calefacción e fontanería

-Comunicar este acordo ó Servizo de Contratación

12.Xustificación da subvención da Deputación Provincial para equipamento e infraestrutura cultural 2015

No BOP nº 209 do 31 de outubro de 2014 saíron publicadas as bases e a convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para a realización de investimentos culturais durante o ano 2015.

No decreto de alcaldía do 3 de decembro de 2014 resolveuse solicitar unha subvención para “investimentos culturais 2015” que incluía obras de Acondicionamento de cuberta e interiores na Casa da Cultura de Camporrapado cun orzamento total de 11.884,97 euros e un importe solicitado pola mesma cantidade.

No BOP nº 30 de 13 de febreiro de 2015 publícase a resolución definitiva desta solicitude, pola cal se concede unha subvención por importe de 4294,04 euros, cun orzamento a xustificar polo mesmo importe.

O prazo de xustificación rematará o 31 de maio de 2016.

Tralo exposto anteriormente, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Imputar a seguinte relación clasificada de pagos realizados, con identificación **dos acredores** (nome e apelidos/razón social e o NIF ou CIF), **dos conceptos de gasto de documentos** (Concepto, nº de factura ou documentos equivalente, importe, data de emisión, data e medio de pago e por último órgano e data de aprobación):

Concepto aprobado na concesión	Datos do acredor		Documento xustificativo						Importe imputado	Organo e data aprobación
	Nome e apelidos (persoas físicas) Nome de empresa/entidade completo	NIF	Concepto	Tipo de doc.	Data documento	Nº Doc.	Data pago	Importe do documento (Indicar só si non coincide co importe imputado)		
Cuberta	OVIGA S, L	XXXXXX	Desmontax e tella cuberta	Factura	30/07/15	EO0120/15	11/08/15	103,20	439,2	Xunta de Goberno 06/08/15
	OVIGA S, L	XXXXXX	Cuberta cerámica	Factura	30/07/15	EO0120/15	11/08/15	336,00		
Revestimentos interiores	OVIGA S, L	XXXXXX	Pintura paramentos verticais	Factura	30/07/15	EO0120/15	11/08/15	2.189,40	3.109,59	Xunta de Goberno 06/08/15
	OVIGA S, L	XXXXXX	Pintura paramentos horizontais	Factura	30/07/15	EO0120/15	11/08/15	920,19		
Xestión de residuos										
Gastos xerais										
Beneficio industrial										
IVE (21%)	OVIGA S, L	XXXXXX	IVE	Factura	30/07/15	EO0120/15	11/08/15	745,25	745,25	Xunta de Goberno 06/08/15
TOTAL									4.294,04	

2º.- O importe total que se xustifica é de 4.294,04 euros.

3º.- Que o gasto xustificado, e obxecto da axuda, se reflectiu, na forma preceptiva no Libro de Contabilidade da Entidade, segundo o disposto no art. 14.1 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvención e no apartado 8.3.4. das bases da convocatoria de subvención a concellos para actividade e investimento cultural, correspondente ao ano 2015.

4º.-Que se cumpriu a finalidade da subvención mediante a realización das actividades/investimentos para as que foi concedida.

5º.- Que para o mesmo obxecto, non se obtiveron subvencións, ou calquera outra fonte de financiamento, de calquera outra entidade tanto pública como privada.

6º.- Aprobar a memoria explicativa da actividade na que consta o cumprimento da finalidade, así como ter cumpridos os compromisos e condicións impostas, xunto cos resultados obtidos.

7º.- Presentar a xustificación correspondente ante a Excma. Deputación Provincial da Coruña.

13. Transporte metropolitano de Galicia. Liquidación achegas 2014, estimación 2015 e adianto 2016

O día 22 de outubro de 2015, co número de entrada 15/2038 a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, remite informe de liquidación de achega 2014 e estimación de achega 2015 do Transporte Metropolitano de Galicia. Dito informe inclúe a estimación da achega ao programa de 2015 xunto co importe da diferenza entre o gasto estimado achegado para o ano 2014 e o gasto real deste ano, por importe total de 11.197,64 €, polo que a Xunta de Goberno acorda:

1- Aprobar o importe total de 11.197,64 € en concepto de achega ao transporte metropolitano 2015 e diferenza da achega 2014.

2- Proceder co seu aboamento e dar traslado do acordo á Dirección Xeral de Mobilidade e a Tesourería Municipal.

14. Rogos e preguntas

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria

A secretaria – interventora

Visto e prace
O alcalde